

Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 23.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL, E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PORTEIRO/A, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

A disposición adicional sexta da Lei 20/2021 indica que “as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez (...)”.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten a libre concorrancia, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación de estes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrancia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional sexta da Lei 20/2021.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 6ª).

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración.

5) Establecen o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021 que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 - IC) Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición adicional sexta da Lei 20/2021), apartado - IC) 1 Réxime xurídico administrativo, acceso libre, polo sistema de concurso, que a continuación se sinalan:

O presente documento estará exposto no Taboero de Anuncios desta Deputación a partir do día 21.10.2022 e até o día 21.11.2022
 UNIDADE DE TERMO E VIXIANCIA PD

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
110 138 866	Porteiro/a	Escala de administración xeral, subescala subalterno	AP	109 96 1090	Porteiro/a Entrada	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que presten servizos temporais vinculados as prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PORTEIRO/A, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022) - APARTADO I C) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado I C) (BOP núm. 120, do 27.05.2022), cota xeral ou cota persoas con capacidades diferentes, polo sistema de concurso, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 3

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
110 138 866	Porteiro/a	Escala de administración xeral, subescala subalterno	AP	109 96 1090	Porteiro/a Entrada	Xeral

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), non se require estar en posesión de titulación académica.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 3

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

A articulación do concurso está recollida na base xeral 10.2.

Lugo, 7 de outubro de 2022.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3009

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 21.10.2022
ata o día 21.11.2022
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXANCIA

